

MAIO

TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

Martes 3 ás 20.15 h - Novos Cinemas#2

No cow on the ice (Eloy Domínguez Serén, 2015, V.O.S.E.)

Martes 10 ás 18.00 h...

Phantom boy (Jean-Loup Felicioli e Alain Gagnol, 2015, V.O.S.G.)

... e ás 20.15 h

Pierrot le fou (Jean-Luc Godard, 1965, V.O.S.E.)

Martes 17 ás 20.15 h

Patrimonio habitado (Illa Bufarda, 2016)

Martes 24 ás 20.15 h

Contra a morte. Unha aproximación a Lois Pereiro
(Alexandre Cancelo e Iago Martínez, 2011)

Martes 31 ás 20.15 h

En todas as mans (Diana Toucedo, 2015)
Con presentación e debate dirixido polo equipo de Trespés Sociedade Cooperativa Galega.



<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>

<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

Retrato de Helke Misselwitz

Nacida en Zwickau (Saxonia). Ao tempo que se graduaba no colexio, Helke Misselwitz convertíase nunha habilidosa fabricante de mobles. Foi despois cando estudou fisioterapia e se uniu á cadea de televisión da RDA como axudante de dirección, onde chegou a ser directora en 1976. Aínda que isto xa semella unha carreira completa, aos 31 anos comezou a estudar dirección na Academia de Cine en Babelsberg. Durante o seu segundo ano de estudos realiza o filme documental *Ein Leben* (1980), que reconstrúe a vida dunha panadeira, e obtén mencións no festival de Leipzig e en Oberhausen.

Despois de completar os seus estudos en 1962, non consegue entrar nos estudos de cine da DEFA, polo que sobrevive con varios traballos e facendo curtas documentais, entre as que destacan: *Haus* (1983), prohibida nun primeiro momento e logo premiada en 1988; *Aktfotografie—z.B. Gundula Schulze* (1983); *Stilleben—Eine Reise zu den Dingen* (1984); ou *Tango Traum* (1985), que conseguiu o Dragón de Bronce no festival de Cracovia en 1986. Cando o coñecido director Heiner Carow a acepta como alumna na Academia das Artes da RDA en 1985, foille posible realizar o que sería o documental de referencia sobre a situación das mulleres nos anos finais da RDA: *Winter Adé* (1989), que acadou a Pomba de Prata e o FIPRESCI no Festival de Leipzig en 1988. Logo virían *Wer fürchtet sich vorm schwarzen Mann* (1989), sobre os homes do carbón en Berlín (Premio Europeo de Cine de La Sept/Cinéma du réel, París, 1990) e *Sperrmüll* (1990), sobre unha familia de Berlín do Leste que se distancia despois do casamento da nai cun berlinés do Oeste, antes da caída do Muro. En 1989, foi premiada co Premio Konrad Wolf da Academia das Artes da RDA.

Despois de 1991, Helke Misselwitz fixo os filmes *Herzprung* (1992), nominado para os Premios de Cinema Alemán de 1993, e *Engelchen* (1996), premio especial do xurado en San Sebastián no 1996, nominado para os Premios de Cinema Alemán de 1997, premiado en Saarbrücken, Schwerin, Lagow, Seattle e Premio da Crítica Alemana en 1998. Tamén realizou un filme documental sobre a Fundación Seebach en Weimar, un fogar para vellos actores: *Meine Liebe, Deine Liebe* (1995) e o vídeo *Leben ein Traum* (1994), sobre unha aldea marcada polo carbón. No ano 2000 realiza o documental *Oder/Odra*. Actualmente é profesora de dirección na Academia do Cine en Babelsberg e forma parte da Academia das Artes de Berlín/Brandenburgo.

A visión subxectiva

Helke Misselwitz fai filmes extremadamente persoais, atravesados por unha visión subxectiva que non vai dirixida a si mesma senón ao mundo. Na RDA, insistir nesta aproximación persoal implicaba unha resistencia —se cadra normal e moderada, pero firme— ante a demanda de obxectividade, ante «as verdades preconcebidas» sobre a vida e a sociedade reiteradas polos representantes do Estado. Helke Misselwitz sempre escolleu suxeitos fóra do habitual e descubriu neles aspectos fundamentais.

[...]

Na súa longametraxe documental *Adeus, Inverno* (Winter Adé, 1988), Helke Misselwitz viaxa pola RDA e vaise atopando con mulleres, xunto ás que valora o que tivo de positivo ou negativo a emancipación da muller cando esta comezou a traballar fóra da casa. Ao tempo que formulan claramente as súas demandas na vida e delimitan os seus déficits, percíbese que a forza destas mulleres é impresionante. Por citar só un exemplo, será difícil esquecer a dura vida de Christine, muller traballadora que leva a cabo monótonas tarefas nunha fábrica de tetra briks e sofre amargamente pola súa condición de nai dunha nena con discapacidade, e mais por unha relación amorosa.

Nunha Alemaña unificada, o especial xeito de sentir o mundo de Helke Misselwitz resulta tamén cheo de forza e necesario para a identidade moral e estética da sociedade. A súa sensibilidade cinematográfica e a súa clarividencia social fan das súas producións e documentais traballos únicos no cinema alemán actual.

[...]

Aínda que os aspectos documentais son tamén unha base para o seu traballo fílmico, Helke Misselwitz non fai documentais senón que crea metáforas poéticas, símbolos e alegorías. Por outra parte, os seus filmes documentais —a pesar da súa observación exacta— non representan unha reprodución pura da realidade, senón que revelan relacións humanas diferenciadas, capturando a esencia, o incerto e o coincidente nas historias humanas. Cando se lle pregunta sobre as fontes do seu traballo, di: «Só podo facer filmes como Helke Misselwitz. Precisei da metade da miña vida para chegar a ser o que son e iso debe ser suficiente».